



QUE PASA SE NON SUPERAS A PROBA FÍSICA LOGO DE ACEPTAR UN CHAMAMENTO DE MELLORA?

A CIG ven de esixir a Función Pública que o cese (por renuncia do anterior posto) non se efective ata a sinatura do novo contrato e logo de ter superado as probas

O DECRETO DE LISTAS

Aquelas persoas que están prestando servizos como consecuencia dun chamamento efectuado polas listas reguladas polo Decreto 37/2006, do 2 de marzo, atópanse en suspensión de chamamentos de oficio en todas as listas, polo que non terán orde de chamamentos, con dúas excepcións:

- *Estas persoas terán a posibilidade de que se lles oferte prestar servizos nunha vacante da mesma categoría, corpo, escala ou especialidade na que prestan servizos.*
- *Tamén poderá ofertárselles prestar servizos nunha vacante doutra categoría, corpo, escala ou especialidade distinta á aquela na que está prestando servizos.*

Estas opcións non volverán ser ofertadas ata pasados 4 anos, tanto se aceptan o posto como se non.

O cambio de posto que implica estas opcións é voluntario. A persoa pode elixir manter o posto que desempeña ou aceptar o novo posto vacante que se lle oferta. Non obstante, se a persoa acepta o novo posto vacante terá que incorporarse a este, xa que a aceptación implica a renuncia do

NALGUNHAS ESCALAS DO SPIF HAI REQUISITOS DE ACCESO (proba física ou de agudeza visual)

Nas categorías do SPIF, logo da aceptación do posto ten que superar as probas físicas asignadas a cada categoría, situación que neste momento se complica polos chamamentos de persoal para as brigadas helitransportadas que levan unha proba física nova non normativizada e que nunca foi realizada para o persoal da nosa administración .

No SPIF a aceptación dun posto vacante con requisito, supón a renuncia do anterior, e **si non superas a proba física, quedarías sen os dous postos.**

Esta situación provoca unha grande inquedanza entre o persoal que temos que elixir entre quedar nunha non vacante ou “xogarnos” a vacante.

Na CIG vimos de esixir que, nas categorías e escalas que teñen un requisito específico posterior ao chamamento no que a aceptación dun posto non implica directamente a incorporación no novo posto, **o cese non sexa efectivo ata a sinatura do novo contrato.**

